





Matarratos Darwin



Todos temos algunha idea sobre quen foi Darwin, algúns teñen nocións sobre os seus traballos e teorías, que foran desenvolvidas logo de viaxar polo mundo utilizando para as etapas máis longas un barco de nome *Beagle*. Mais mui pouca xente coñece os motivos reais desa viaxe, as anécdotas que aconteceran e as aventuras e desventuras que viviu o mozo Darwin entre 1831 e 1836.

Na súa xénese non foi unha viaxe de investigación científica: había un motivo moito máis extraño. Tivo isto algunha relación co suicidio de dous dos capitáns do *Beagle*?

A imaxe idílica dun naturalista paseando pola selva e apanhando plantas e bolboretas téñen pouco a ver coa realidade á que se enfrontaba un científico inexperto no medio das florestas brasileiras, nas pampas arxentinas ou entre os habitantes indíxenas da *Terra do Fogo*. Nos seus longos roteiros, case sempre a cabalo, Charles Darwin recolleu todo tipo de animais: armadillos, guanacos, cóndores, raposas, tartarugas, ratas e ratos. Moitos deles tamén os comeu. Ademais, sufriu enfermidades, temporais, terremotos, escalou montañas e pasou frío, medo e, tamén, momentos de felicidade extrema ao contemplar o planeta Terra cun ollar aberto, intelixente e cheo de curiosidade.

“Matarratos Darwin” é unha pequena visita ás aventuras dun naturalista inglés nun planeta descoñecido.



**UNHA CHARLA, UN SHOW,
UN ESPECTÁCULO!**

PERIPECIÊNCIA

Xurxo Mariño e Vicente de Souza levan varios anos colaborando en proxectos de divulgación científica. Agora, dêronlle nome ao equipo: naceu PERIPECIÊNCIA.

"MATARRATOS DARWIN" é a primeira produción da



compañía: unha entretida viaxe polas anécdotas e interesantes circunstancias que rodearon a viaxe que o xoven Charles Darwin iniciou en 1831 a bordo do *H.M.S. Beagle*, barco británico de

investigacións cartográficas.



"MATARRATOS DARWIN" é un espectáculo didáctico apto para todos os públicos, mesmo para aqueles que acreditan que xa saben todo sobre Darwin.



"MATARRATOS DARWIN" é o primeiro DISCURSHOW dunha serie que promete ser longa DISCURSHOW unha especie de charla teatralizada, unha ludiconferencia dramática DISCURSHOW un xeito novo e atractivo de divulgar a ciencia DISCURSHOW comprenderás brincando!



Xurxo Mariño é científico e profesor da UDC, e ávido divulgador. Realiza investigacións sobre a actividade do sistema nervioso.

Vicente de Souza é director de escena e actor profesional.



www.discurshow.com

CONTACTA CONNOSCO!



Matarratos Darwin



Fotos: Félix Sánchez-Templeque

Matarratos Darwin

FICHA TÉCNICA

Espectáculo didáctico apto para todos os públicos
(mesmo para aqueles que acreditam que xa saben
todo sobre Darwin)

Duración.....1 hora e 15 minutos

Montaxe / Desmontaxe....4 horas / 2 horas

Espazo escénico.....absolutamente flexíbel

Potencia eléctrica.....6.000W



CACHÉ



#CONSULTAR#€

CONTACTO

 charles@discurshow.com



www.discurshow.com

Um produto

